



## **RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA DA XUNTA DE GALICIA POLA QUE SE ADOPTAN MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA GARANTIR A REALIZACIÓN E ENVÍO DOS SEGUIMENTOS POSTADOPTIVOS DAS ADOPCIÓNS INTERNACIONAIS TRAMITADAS POLO ORGANISMO ACREDITADO PARA A ADOPCIÓN INTERNACIONAL ADDIS GALICIA.**

Vista a imposibilidade do Organismo Acreditado para a Adopción Internacional (OAAI) ADDIS GALICIA, para continuar desenvolvendo as labores relativas á realización e remisión dos informes de seguimento da adaptación do menor adoptado á súa nova familia, e tendo en conta os seguintes

### **FEITOS**

**Primeiro.** ADDIS GALICIA, entidade sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia co núm. E-4775, está habilitada para a intermediación na adopción internacional con Etiopía en virtude de resolución da Dirección Xeral de Familia da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado do 18 de marzo de 2004.

**Segundo.** Dende febreiro de 2017 ADDIS GALICIA informa, tanto á Xunta de Galicia como ás familias coas que mantén contrato de intermediación para a adopción internacional, a súa difícil situación económica así como os problemas derivados do incremento da duración inicialmente prevista para os expedientes.

**Terceiro.-** A dita situación conduciu ao cesamento da actividade de ADDIS GALICIA, que inclúe os informes de seguimento daqueles menores xa integrados en familias adoptivas.

**Cuarto.-** Con data 29 de xuño de 2018 a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica informa ao Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social da situación do OAAI ADDIS GALICIA para os efectos da posible revogación da súa acreditación para a intermediación internacional, sen que na actualidade se realizara tal revogación.

No dito escrito propoñíase á Administración Xeral do Estado, en aplicación do artigo 7.7 da Lei 54/2007, do 28 de decembro, de Adopción internacional, a retirada da acreditación para a intermediación en adopción internacional do OAAI ADDIS.





A dita proposta baseábase no informe, do 7 de xuño de 2017, da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia no que se conclúe que tras a reforma da Lei 54/2007, do 28 de decembro, operada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, a competencia para suspender ou retirar a acreditación para intermediar en adopción internacional xa non corresponde ás Comunidades Autónomas senón á Administración Xeral do Estado segundo o artigo 7.7 da Lei 54/2007, do 28 de decembro. A maior abundamento no dito informe sinaláse que a pesar de que a Disposición final décimo oitava da Lei 26/2015 establece que o Goberno levará a cabo as modificacións e desenvolvemento regulamentario que sexan precisos para a aplicación da presente lei, a ausencia deste desenvolvemento regulamentario non impide que o dito artigo sexa plenamente eficaz, xa que nel recóllense os elementos necesarios para a súa aplicación.

O 17 de xullo de 2018, o Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, en resposta á devandita petición de retirada da acreditación para a intermediación en adopción internacional do OAAI ADDIS indica que a pesar de que a Administración Xeral do Estado asumiu esta competencia, en virtude da Lei 26/2015, é necesario o desenvolvemento regulamentario para poder exercela.

**Quinto.-** As familias con adopción constituída en Etiopía solicitaron á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica unha solución que lles permita cumprir co seu compromiso de realizar os seguimentos postadoptivos.

**Sexto.-** O 4 de abril de 2019 publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 165/2019, do 22 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de adopción internacional. No dito regulamento establécese na Disposición transitoria única o réxime transitorio aplicable á acreditación dos organismos xa acreditados polas distintas entidades públicas, remitindo, no caso de que o organismo afectado non solicite unha nova acreditación ou non poda obtela á Disposición transitoria terceira da Lei 26/2015, de 28 de xullo.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### PRIMEIRO

De acordo co artigo 75 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, en relación co artigo 88 do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia é o departamento competente para adoptar a presente resolución.





## SEGUNDO

De acordo co establecido no Instrumento de Ratificación do Convenio Relativo á Protección do Neno e á Cooperación en materia de Adopción Internacional (La Haya, 29 de maio de 1993) e no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica é a Autoridade Central e o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia encargada de dar cumprimento ás obrigas que o convenio impón.

Neste sentido, o artigo 9 do Convenio dispón que: "As Autoridades Centrais tomarán, directamente ou coa cooperación de Autoridades públicas ou doutros organismos debidamente acreditados, todas as medidas apropiadas, en especial para:

- a) reunir, conservar e intercambiar información relativa á situación do neno e dos futuros pais adoptivos na medida necesaria para realizar a adopción;
- b) facilitar, seguir e activar o procedemento de adopción;
- c) promover, nos seus respectivos Estados, o desenvolvemento de servizos de asesoramento en materia de adopción e para o seguimento das adopcións;
- d) intercambiar informes xerais de avaliación sobre as experiencias en materia de adopción internacional.
- e) responder ás solicitudes de información motivadas respecto a unha situación particular de adopción formuladas por outras Autoridades Centrais ou por autoridades públicas".

## TERCEIRO

O artigo 5.1 da Lei 54/2007, do 28 de decembro, de Adopción internacional, relativo á intervención das entidades públicas, determina que "en materia de adopción internacional corresponde ás Entidades Públicas:

*g) Ofrecer a lo largo del proceso de adopción internacional apoyo técnico dirigido a los menores y a las personas que se ofrecen para la adopción, prestándose particular atención a las personas que vayan a adoptar o hayan adoptado menores con características o necesidades especiales. Durante la estancia de los adoptantes en el extranjero podrán contar con la colaboración del Servicio Exterior.*

*h) Realizar los informes de los seguimientos requeridos por el país de origen del menor, que podrán encomendarse a los organismos acreditados o a otras entidades autorizadas.*

*i) Establecer recursos cualificados de apoyo postadoptivo y de mediación para la búsqueda de orígenes, para la adecuada atención de adoptados y adoptantes, que podrán encomendarse a organismos acreditados o a entidades autorizadas.*





j) *Informar preceptivamente a la Administración General del Estado sobre la acreditación de los organismos, así como controlar, inspeccionar y elaborar las directrices de seguimiento de los organismos que tengan su sede en su ámbito territorial para aquellas actividades de intermediación que se lleven a cabo en su territorio”.*

#### **CUARTO**

O artigo 6.3 d) da Lei 54/2007, de 28 de decembro, de Adopción internacional, regula as funcións que deben realizar os organismos acreditados para a intermediación, entre as que se encontra:

*“d) Intervención en la tramitación y realización de las gestiones correspondientes para el cumplimiento de las obligaciones postadoptivas establecidas para los adoptantes en la legislación del país de origen del menor adoptado, que les serán encomendadas en los términos fijados por la Entidad Pública española donde reside la familia que se ofrece para la adopción.”*

Pola súa banda, o artigo 108 do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, enumera as obrigas dos OAAI posteriores á constitución da adopción, entre as que se atopan remitirle ao organismo competente do país de orixe do menor, cando así o requira e coa periodicidade que se sinale, os informes de seguimento da adaptación do menor á súa nova familia.

#### **QUINTO**

A cláusula terceira do Contrato de intermediación para a adopción internacional que o OAAI ADDIS GALICIA ten asinado coas familias establece, entre as obrigas deste organismo posteriores á constitución da adopción a de “Realizar e remitir ao organismo competente do país de orixe do menor, cando así o requira e coa periodicidade que se sinale, os informes de seguimento da adaptación do menor á súa nova familia, salvo autorización expresa da Xunta de Galicia para non realizalos”

#### **SEXTO**

De acordo coa Lei 54/2007, de 28 de decembro, de Adopción internacional a súa finalidade é protexer os dereitos dos menores que van ser adoptados, considerando tamén os das persoas que se ofrecen para a adopción e demais persoas implicadas no proceso de adopción internacional.

A protección dos menores e das familias é, así mesmo, principio reitor da actuación dos poderes públicos de Galicia no exercicio das súas funcións de acordo co artigo 3 do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Por todo o exposto, vistos os textos legais citados e o cesamento da actividade da OAAI ADDIS GALICIA, en particular en relación cos seguimentos postadoptivos,





considérase fundamental adoptar medidas extraordinarias que permitan garantir ás familias o cumprimento do compromiso postadoptivo de realizar os informes de seguimento establecidos polo país de orixe dos menores adoptados e, polo tanto,

### **RESOLVO**

1. Autorizar ás familias para que realicen os seguimentos postadoptivos nos mesmos termos e periodicidade establecidos no seu proceso adoptivo en Etiopía, en calquera OAAI que no momento no que este país paralizou a tramitación da adopción internacional estivera acreditado na nosa Comunidade Autónoma para a tramitación da adopción internacional neste país.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación. Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. Neste caso non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto, expresamente ou por desestimación presunta, o recurso de reposición.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

